

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, SÁBADO, 21 DE FEBREIRO DE 2026**PRESIDENCIA****DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL****FERROL**

19,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá á entrega da Faba de prata 2025.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**BALEIRA (Lugo)**

14,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistirá á Xornada Degustación do Cocido da Montaña.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**RIBEIRA (A Coruña)**

11,30 h.- O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, asistirá ao acto de celebración do 30 aniversario do club de taekwondo Natural Sport.

NOIA (A Coruña)

13,00 h.- O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, asistirá ao encontro da Primeira División de fútbol sala entre o Noia Portus Apostoli e o ElPozo Murcia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**A POBRA DE TRIVES (Ourense)**

10,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, participará no VI Congreso da Muller Rural co relatorio *A xestión dos residuos no rural*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con anterioridade, ás **9,45 h.**, a directora xeral de Promoción da Igualdade, María Quintiana, intervirá no congreso coa ponencia *Igualdade en Galicia*.

Posteriormente, ás **12,35 h.**, a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, pronunciará o relatorio *A rede Ulteira*.

PONTEVEDRA

12,00 h.- A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, María José Echevarría, visitará o mercado circular O Tinglado de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN
PROFESIONAL

VIGO

10,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, e pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará na inauguración da xornada de formación *A familia, base do crecemento persoal e emocional na adolescencia*.

11,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, visitará as obras de mellora do Centro Integrado de FP Valentín Paz Andrade.

CERDEDO-COTOBADE (Pontevedra)

12,15 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, visitará o resultado das actuacións no Colexio de Tenorio tras o incendio.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

A CORUÑA

10,30 h.- O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, visitará as instalacións do Comité Cidadán Antisida da Coruña.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

A CORUÑA

12,30 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada pola delegada territorial da Xunta, Belén do Campo, e do director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, realizará unha visita ao concesionario Galcar.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A CORUÑA

16,15 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, acompañado do secretario xeral para o Deporte, Roberto García, asistirá ao partido de fútbol entre o Deportivo da Coruña e o Eibar.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

OURENSE

12,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado do xerente da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, Santiago Camba, intervirá no acto de homenaxe aos traballadores desta área sanitaria que se xubilaron no ano 2025.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, asistirá á proxección do documental *Ao son da nova regueifa*, de Manolo Maseda e Saúl Rivas.

BRAGA (Portugal)

Convocatoria en hora local, 18,00 h. en Galicia

17,00 h.- O secretario xeral da Lingua participará na inauguración da exposición *Manuel Rodríguez López 2.0*, no marco do Festival Convergencias.

Posteriormente, **ás 21,30 h. (convocatoria en hora local, 22,30 h. en Galicia)**, asistirá ao espectáculo teatral *Os Seráns de Vilancosta. Unha homenaxe a Avelina Valladares*, de Santiago Cortegoso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ALLARIZ (Ourense)

12,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá ao padroado da Fundación de Vicente Risco.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**ABADÍN (Lugo)**

13,00 h.- As conselleiras do Medio Rural, **María José Gómez**, e de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañadas polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, e polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistirán á XX edición de Expogrelo.

CONSELLERÍA DO MAR**MARÍN (Pontevedra)**

17,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asistirá ao acto conmemorativo do cuarto aniversario do afundimento do Villa de Pitaxo.

A continuación, ás **18,00 h**, asistirá á Misa en memoria das vítimas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal